



Rúa de Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>  
Tel 600 699 293 - 610 616 968

Lidia F. con DNI e Don Juan M. con DNI OF e enderezo na Praza de, nai e pai das nenas xemelgas Irene e Raquel

E xunto con eles,

Confederación ANPAS GALEGAS, CIF G70416557, con enderezo postal na Rúa de Estocolmo, 8 , en Santiago de Compostela, e enderezo a efectos de comunicación no correo electrónico [anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com), e no seu nome o seu Vicepresidente, Fernando Lacaci Batres con teléfono 610 616 968

### **Prezada Valedora do Pobo**

Quixeramos presentar unha realidade, a da escolarización dos fillos de partos múltiples, que dende o noso punto de vista está a desenvolverse dun xeito discriminatorio, ao presentar unha circunstancia común como excepcional e ao tratar esa excepcionalidade como un motivo de diferenciación innecesario. Non se pretende facer un estudo desagregado do feito xemelgar, porque estaría lonxe do noso alcance mais tamén porque hai ampla literatura científica que se podería consultar; pero aínda así entendemos que é preciso contextualizar o tema do que queremos falar.

Nesta exposición imos falar indistintamente de múltiples ou xemelgos, aínda que a maioría dos partos múltiples son realmente de falsos xemelgos -os que non son idénticos- , e aínda que existe un número pequeno de partos triplos ou cuádruplos.

Pero atendendo á economía da linguaxe, englobaremos con esas dúas expresións á totalidade das casuísticas que se poden dar nesta circunstancia.



Rúa de Estocolmo, 8

15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 1.- Os partos múltiples, actualidade e historia:

Segundo o Instituto Nacional de Estatística, en información recollida no diario La Opinión do 19/05/2016, o número de partos múltiples na nosa Comunidade incrementouse un 30 % na última década ao pasar dos 317 casos rexistrados en 2005 aos 409 de 2014; unha cifra que sitúa a Galicia por riba da media estatal (un 16 %). Este incremento é aínda maior se analizamos os últimos 15 anos, xa que dende o ano 2000 o número de partos múltiples aumentou en Galicia un 65 % ; todo isto nun contexto xeral onde o número global de partos diminuíu nesa última década en preto dun 8 %.

O porqué visible deste crecemento é de coñecemento xeral: o incremento dos tratamentos de fertilidade, provocados polo retraso na idade de maternidade e a conseguinte dificultade en lograr embarazos naturais, o incremento na idade da maternidade que trae aparelado, ao dicir dos expertos, un incremento deste tipo de concepcións, e os avances da medicina que logran que estes embarazos cheguen a bó termo, o que antes non ocorría; mais estas non son as únicas razóns, existe tamén unha tendencia xenética á xemelgaridade, todas estas circunstancias fan que teñamos a maior poboación de xemelgos que nunca se rexistrara, e que esa poboación estea maioritariamente localizada nas idades máis temperás, que son tamén as que coinciden co ensino obrigatorio.

Fixo algo a sociedade para se adaptar a esta realidade?, pois depende do sector; comercialmente de seguida apareceron empresas que detectaron este nicho de mercado, e apareceron sobre todo métodos de transporte pensados para os xemelgos, porque quizais sexa o momento onde a multiplicidade se volve máis complexa de xestionar, e tamén apareceron outros pequenos avíos que tentaron facilitar a vida das familias nas que se daba esa característica; por parte da administración pública regulouse esa realidade mediante o outorgamento dun permiso de maternidade e/ou paternidade adicional para estes casos, incrementando os días aos que se tiña dereito no caso dun nacemento múltiple de fillas-os sobre o establecido para un parto único.

E non se fixo máis nada, aínda que a excepcionalidade comezaba a tomar carta de normalidade, continuamos actuando de costas ao que estaba a pasar, como se a única singularidade dos xemelgos fose ter nacido o mesmo día, sendo ao resto dos efectos dúas persoas unidas por un lazo de irmandade, como calquera outra parella de irmáns entre os que pode haber unha distancia temporal de entre dez ou once meses e moitos anos; con todo o que iso implica de complicidade e coetaneidade.



Rúa de Estocolmo, 8

15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 2.- Son diferentes os xemelgos?

Aquí si que habería que diferenzar entre xemelgos (dous individuos que nacen dun mesmo parto e que se orixinaron nun mesmo óvulo, e son en consecuencia idénticos, co mesmo ADN), e falsos xemelgos (dous individuos que nacen do mesmo parto, pero procedentes de óvulos diferentes, que non teñen o mesmo ADN e que son diferentes, mesmo poden ser de diferente xénero).

A experiencia científica relata que o feito de compartir absolutamente o ADN marca unha diferenza clara con respecto ao resto dos múltiples, diferenza sobre a que aínda agora hai tanta literatura como resultados contrastables, e que anda sempre mesturada coa lenda; interesou sempre presentar aos xemelgos como dúas partes separadas dun todo, quizais para dar unha explicación simple a un fenómeno natural difícil de asimilar, a existencia de dúas persoas idénticas en aparencia, pero claramente separables en carácter, intereses e personalidade.

Realmente, aos efectos deste escrito, o que realmente é significativo, e borra a diferenza entre xemelgos auténticos e falsos, é o feito de ter nacido o mesmo día, de partillar absolutamente todas as vivencias no mesmo plano temporal, de compartir da mesma maneira á nai, o pai, e o resto da familia (porque todos evolucionamos, e a familia que se comparte dende a irmandade dos partos únicos non é mesma que a que trae unha diferenza temporal que a fai distinta en si propia), de aprender xuntas, de apoiarse sistematicamente, tamén de estorbarse, se é o caso, ao mesmo tempo.

A peculiaridade real é cómo cada parella de xemelgos vive a súa dualidade, como se medra, e se madura, tendo a alguén ao carón que vai medrando e madurecendo ao teu mesmo compás; ou mesmo como se vive o momento no que ese compás se esnaquiza en dous ritmos diferentes.

A realidade é que, máis lento ou máis rápido, con gustos similares ou diferentes, con intencións parellas ou dispaes, sempre hai que vivir coa presenza do outro, e interiorizala como algo inevitable. Non é pouca carga, ou pouca axuda, depende.



Rúa de Estocolmo, 8

15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

### 3.- A escolarización dos múltiples

Ata agora estivemos a falar da percepción íntima, familiar, dun parto múltiple e a súa consecuencia, ter dúas persoas xuntas cun vínculo especial. Pero as familias somos espazos protectores, os problemas de cada membro son moito máis pequenos neste ámbito, máis aínda se falamos de crianzas; as peculiaridades das nosas fillas e fillos son singularidades que nós aceptamos sen cuestionalas; pero os problemas aparecen cando nos relacionamos co exterior, e o primeiro exterior para un neno é a escolarización, na gardería en moitos casos, no Ensino Infantil practicamente en todos.

Os centros públicos galegos (lembremos que os privados –concertados ou non- son estruturas empresariais, e non adoitan presentar problemas que non se solucionen na relación economicamente subordinada empresa-cliente), nunha porcentaxe que se descoñece, porque non hai traballos feitos sobre este tema, manteñen maioritariamente unha de dúas posturas: ou separan aos múltiples, ou os xuntan.

No primeiro caso, os equipos directivos, e os orientadores-as, xustifican a separación en opinións como o fortalecemento das personalidades individuais, razóns de igualdade de trato co resto dos seus compañeiros e compañeiras (que non adoitan ter un irmán na aula), problemáticas condutuais que se derivan do feito de ser un grupo dentro da aula, e un amplo etcétera que sempre ten que ver con ideas preconcebidas e nunca contrastadas. En moitas ocasións nos centros está establecido que a separación parte do feito mesmo de ser irmáns, e sempre separan a aqueles que teñen tal vínculo, ben porque proveñan dun parto múltiple, ben porque un irmán repetidor se sitúe no mesmo curso que un irmán menor, ou ben porque dous irmáns naceran no mesmo ano; obsérvase que as tres casuísticas posíbeis son susceptibles de tratamentos moi diferenciados, porque son causadas por razóns especificamente diversas; porén, trátanse dun xeito uniforme, algo que, todos o sabemos, é normalmente o maior ataque posible ao desexado tratamento equitativo.

No segundo caso, o da escolarización conxunta, existe unha causa dupla: pode ser unha decisión consciente de cara aos múltiples, e considerar que é bo para eles estar na mesma clase; ou pode ser simplemente a consecuencia dunha ordenación alfabética, na que os irmáns necesariamente sempre estarían xuntos; en calquera caso, a tendencia continúa sendo a uniformidade.

Existen aínda un terceiro e ata un cuarto caso, o terceiro sería aquel no que as características físicas do centro escolar non permitan a separación, por ser un centro dunha única liña, nese caso estarían sempre xuntos, independentemente de que fose positivo ou negativo para eles-as.



Rúa de Estocolmo, 8

15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

E o cuarto caso serían aqueles centros, moi minoritarios pero existentes, no que se fai un estudo específico de cada caso, e se toma a decisión que, en conxunto, se cre que poida beneficiar máis aos nenos-as, segundo as súas peculiaridades concretas. A igualdade conseguida mediante a consideración xeneralizada das individualidades.

#### **4.- Por qué non hai unidade entre os centros escolares ?**

No noso sistema educativo existe un concepto moi utilizado e nunca ben definido: a autonomía dos centros educativos.

Na páxina do Ministerio de Educación, dentro do espazo xenérico dedicado á LOMCE, identifican esta autonomía como “a capacidade de cada centro para identificar cales son as súas fortalezas e as necesidades da súa contorna, para así poder tomar decisións sobre cómo mellorar a súa oferta educativa e metodolóxica nese ámbito... A autonomía dos centros é unha porta aberta á atención á diversidade dos alumnos e alumnas, que mantén a cohesión e unidade do sistema e abre novas posibilidades de cooperación entre os centros e de creación de redes de apoio e aprendizaxe compartido”.

Ou sexa, a autonomía é a ferramenta que un centro educativo debe adoptar para adaptarse á súa realidade, que se supón diferente á de calquera outro centro de similares características teóricas, porque efectivamente non poden darse condicións humanas idénticas cando se xuntan grupos de persoas que non son iguais, persoas que traen de seu a súa propia personalidade, pero tamén o seu propio contexto económico, sociocultural, mesmo ideolóxico; a autonomía enténdese como imprescindible para, novamente, e repetirémolo de seguido, poder tratar diferente ao diferente, e así poder conseguir a equidade.

Como se harmoniza este principio cunha sociedade organizada, onde o catálogo de dereitos é o mesmo para toda a cidadanía, nun estado de dereito que nos di que toda a actuación pública debe estar subordinada á norma obrigatoria para todas por un igual?

Entendemos que son dous conceptos perfectamente compatibles: a norma común dinos a onde hai que chegar, a autonomía permítenos escoller o camiño máis axustado a cada centro, a cada clase e a cada neno, para que poida, coas súas peculiaridades, chegar a aquela meta normativizada dun xeito áxil e posíbel.



Rúa de Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>  
Tel 600 699 293 - 610 616 968

Cómo se traduce esta autonomía nos nosos centros escolares?, como a posibilidade de darse unha normativa propia, para regular non a propia realidade, senón o propio espazo.

Dito noutras palabras: *“no canto de ter primado unha lóxica propiamente pedagóxica, quedouse nun novo modelo de xestión, que transfire –responsabilizando– ao centro escolar determinadas competencias, respondendo –en último extremo– a unha tendencia neoliberal, nun momento de crise dos servizos públicos (Antonio Bolívar, citando a Duru-Bellat e Meuret: La Autonomía de centros educativos en España, publicado polo Ministerio de Educación)”*

En qué se plasma esa errónea concepción da autonomía dos centros no que se refire ao problema que presentamos? : en que unha circunstancia que non é contextual, porque o nacemento múltiple éo independentemente do lugar, a familia, o tempo, ou a circunstancia económica de onde se produza, convértese en obxecto de decisión cun resultado imprevisíbel, e así hai centros que optan pola separación absoluta, centros que optan pola xuntanza indiscutible, e centros que optan por opinar segundo van aparecendo os casos; desconsiderando, en case que todos os casos, a opinión de nais, pais e especialistas da educación e da psicoloxía.

É posíbel, exemplificando, que se separe a xemelgos que nazan en Viveiro, e se xunte aos que nacen en Ribadeo?

É posíbel que o absurdo da separación chegue a producir circunstancias tan crueis como que os trillizos sexan separados 2 a 1 nos colexios que só teñen dúas liñas, encarnizándose no que queda só, porque a ilóxica da separación vence a calquera plantexamento pedagóxico ?

É posíbel que nenos que estean xuntos nunha etapa educativa, porque non hai espazo físico para separalos, pasen a estar en aulas distintas no momento en que fisicamente sexa viable, aínda que mesmo permanezan no mesmo edificio ou centro escolar?

Pois todo isto é posíbel e cotián cando falamos de múltiples, esa é a interpretación que os centros escolares fan da autonomía: a capacidade para crear espazos pechados rexidos por normas impersoais que “facilitarían” a xestión do centro; ninguén fala de educación, e moito menos de adaptación ás singularidades de cada alumno ou alumna.



Rúa de Estocolmo, 8

15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 5.- Pero, por qué separan aos múltiples?

Explícao moi ben o colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia, a quen lle pedimos un informe sobre esta problemática, informe que se xunta a esa solicitude:

*“Os argumentos pedagóxicos nos que adoita fundamentarse a decisión da separación de irmás/irmáns nas aulas baséanse no fomento da independencia e individualidade, mais non está demostrado que o feito de mantelas/os na mesma aula interfira no desenvolvemento adecuado destes aspectos. En calquera caso, debe ser responsabilidade do equipo educativo vixiar que estas nenas e nenos interioricen a súa propia identidade, única e diferente da da/o irmá/irmán, fomentando a súa relación co resto do alumnado e evitando que sexan tratadas/os como unha soa unidade, pero sen pasar pola separación obrigatoria”*

Este é o momento no que debemos preguntarnos: cal é a cualificación da que dispón un equipo docente, mesmo no caso das orientadoras/es, para tomar unha decisión como esta? , baseándonos na súa formación previa, e no recurso á formación continuada que adoita ser a capacitante para se enfrontar a novas circunstancias, das que non teñen correcta formación no seu currículo, temos que dicir que o profesorado, dito dun xeito xenérico, como corpo profesional, carece de calquera formación que lles permita tomar esta decisión.

Nin na súa formación universitaria, nin na posible formación posterior que puidesen acadar polas canles abertas pola consellaría de educación, se ten abordado o fenómeno xemelgar como unha peculiaridade que deben contemplar, en ningún senso, simplemente non forma parte dos temarios, nin hai demanda para que figure; no colectivo docente, novamente xeneralizando, non hai demanda de formación porque non hai conciencia da súa necesidade; en palabras de Julia Laborra *“ademais dun xeral descoñecemento sobre os múltiples, seguramente exista medo cara ao vínculo xemelgar. Probablemente nalgúns centros houbo algunha mala experiencia pola cal se meta a todos os múltiples no mesmo saco, ou, simplemente, a separación dos múltiples como estratexia para o desenvolvemento individual de cada irmán é un crenza que se converteu en verdade absoluta”* (extracto do traballo de fin de grao da UNIR sobre “A separación de múltiples na escola: unha decisión flexible e consensuada”, que tamén se achega con este escrito).



Rúa de Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>  
Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 6.- Cal é a recomendación científica ?

Quizais semelle polo escrito ata aquí que a separación dos múltiples é un erro rotundo, e que o axeitado sería exactamente o contrario: a permanencia xuntos en calquera circunstancia, pois non é así, e a literatura científica sería non di tal cousa.

É certo que non hai ningunha demostración de que a separación fomente a individualidade, mesmo é certo que esa individualidade, que se debe presumir como un valor para calquera de nós, ten unha connotación diferente cando se predica dos múltiples, porque hai casos, e non poucos, onde a necesidade da identificación co outra-a é tan forte que é preciso tratar eses valores con especial coidado e personalización.

Os estudos feitos ata o momento, que tampouco son nin tantos nin de culturas totalmente similares á nosa, parecen indicar que non é posible establecer unha recomendación xenérica porque tampouco existe unha circunstancia xenérica: os múltiples non son unha realidade universalmente repetida, cousa que en canto se enuncia xa se comprende, son individuos, tan diversos como calquera outros, que teñen unha peculiaridade que hai que considerar: a mochila humana que levan consigo, na maioría dos casos con satisfacción, dun xeito que vai evolucionando de absoluto a relativo segundo van medrando.

O feito de visualizar que os múltiples non son individuos repetidos, nin partes dun todo, nin seres coaccionados a vivir unha vida en permanente compañía do-outro-a, é un evidente avance sobre os tópicos historicamente admitidos, pero tería que vir acompañado do mesmo avance no senso oposto, porque tampouco temos que os condenar a un permanente exercicio de liberación da persoa que naceu con eles; cabe o desenvolvemento tanto xuntos coma separados, e dependerá, coma sempre, deles mesmos, da súa particular maneira de ver e entender a súa vida e as súas circunstancias; no fondo, non deixa de ser outra expresión máis da profunda diversidade na que se demostra o ser humano.

A recomendación científica, polo tanto, é a consideración de cada parella de múltiples, ou trío, ou cuarteto, como un obxecto de estudo individualizado; e dentro dese grupo, cada un dos individuos que o forman como unha necesidade específica que hai que tratar; de aí xurdirán diferentes solucións dependentes das diferentes personalidades coas que esteamos a traballar, e chegaremos a separalos, a xuntalos, a estudar temporalmente as bondades dunha solución ou outra, a cambiar segundo os propios cambios delas mesmas.





Rúa de Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>  
Tel 600 699 293 - 610 616 968

É certo que hai patróns que xa se albiscan nos estudos realizados, e na experiencia observada:

- Os centros escolares van evolucionando lentamente da separación ríxida á decisión individualizada.
- As familias tamén van evolucionando dende a confianza na decisión dos centros escolares ata unha absoluta desconfianza. E reclaman que sexa a súa opinión, hoxe en día en moitas ocasións altamente cualificada, como corresponde a unha sociedade cun nivel de educación formal moi elevado.
- Os colexios de educadoras e educadores optan pola consideración individualizada de cada neno-a para tomar decisións que sexan favorables para eles, e non para unha mellor “organización” do grupo.
- As ANPAs inclúen esta problemática dentro da necesaria reivindicación da presenza das familias nas decisións da vida escolar dos seus fillos-as. E se falamos de presenza, non falamos de información, falamos de participación e, en moitos casos, da capacidade de decidir.
- Os propios xemelgos: maioritariamente queren estar xuntos-as; e é normal, están xuntas sempre, todo o día, calquera neno quere estar sempre co seu amigo, co seu grupiño, como non van querer estar xuntos de alguén que os acompaña dende o primeiro día !

## 7.- Que fai a Administración educativa?

Este epígrafe é de doada e triste resposta: NADA.

Para a administración educativa isto entra dentro do “principio de autonomía dos centros” ao que antes se facía mención, co recurso a ese mal interpretado principio desfaiase do problema ao considerar que non ten nada que regular, nin nada tampouco que traballar na formación do seu funcionariado.

E ao non ver un problema, non o trata, así de sinxelo.



Rúa de Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>  
Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 8.- Qué reclamamos as familias?

Que non se discrimine aos nosos fillos e fillas polo feito de seren múltiples, que se actúe con eles como se fai, ou debera facerse, con calquera outro neno; que se considere o que, en atención ás súas circunstancias e peculiaridades, pode ser bo para a súa educación, sen xeneralizacións que a ninguén lle poden ser aplicables, desfacéndose de falsos mitos, e tomando a decisión que máis lle conveña aos nenos implicados.

Mais tamén pedimos ser parte activa na decisión, nós somos quen coñecemos aos nosos fillos-as, somos quen temos como prioridade a súa educación por riba de calquera outra persoa ou organización, nós somos quen coñecemos o dano, ou o apoio, que se prestan unha a outra; quen nos preocupamos do peso da compañía permanente e estamos atentos para que ese acompañamento non sexa unha carga. Ningún pai, ningunha nai decidiría manter xuntos aos seus xemelgos se pensara que esa xuntanza tiña consecuencias negativas para calquera deles; ningún país, ningunha nai, queredría separalos se iso motivara neles un rexeitamento profundo.

En resumo, que diante da chegada duns múltiples a un centro escolar, haxa un grupo de traballo, no que as familias temos que estar presentes, que pense:

Que é o mellor para estas dúas nenas, estas en concreto, xuntalas ou separalas?

## 9.- Que fixemos ata agora e que conseguimos ?

Ata o momento o que fixemos foi, logo de nos informar o centro de que “a súa política era separar aos irmáns, xemelgos ou non”, presentamos escritos para tentar cambiar a súa normativa interna, recorremos á inspección, escribimos ao conselleiro de educación, e as respostas, cando existiron, sempre foron negativas, sen valorar se era ou non procedente para as nenas; simplemente porque así o dicía unha norma que o propio colexio elaborou sen ningún criterio científico demostrable.

Tamén recorremos aos medios de comunicación como altofalantes da nosa reclamación, máis aínda logo da coñecida sentenza do xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Badaxoz, que tamén acompañamos a este escrito; porque sabemos que existe unha demanda social de revisión dos agrupamentos nos colexios, para que neles se considere o benestar do menor, entendido dun xeito absoluto, tamén o seu benestar educativo, por riba da facilidade coa que se poida manexar o grupo; facilidade que neste caso, como aseguran repetidas testemuñas de docentes, non se ve



Rúa de Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>  
Tel 600 699 293 - 610 616 968

diminuída pola presenza de múltiples nunha mesma aula; malia o que outros, que carecen desa experiencia, poidan imaxinar dende as súas ríxidas posicións.

A verdade é que ata o de agora a resposta recibida, tanto no propio centro, como na inspección educativa, é desoladora: ninguén quere oír falar do beneficio das pequenas; só se trata de normas e de rixidez, e a interpretación que se fai da nosa demanda vai na mesma liña, coma se pretendéramos impor unha rixidez alternativa cando o noso único interese é que se avalíe que é o máis conveniente para as nenas, contando coa nosa opinión fundamentada, pero tamén coa de todas aquelas persoas que esgriman unha argumentación seria e rigorosa.

#### **10.- Que pretendemos da Valedora do Pobo?**

A Declaración de dereitos do Neno establece claramente no seu principio VII que *“o interese superior do neno debe ser o principio reitor de quen teñen a responsabilidade da súa educación e orientación; dita responsabilidade acádelle, en primeiro termo, aos seus pais”* .

Para nós, que aceptamos ese primeiro termo como algo desexado, e que temos a educación das nosas fillas como prioritario, é sorprendente comprobar ata que punto o resto dos actores educativos desprezan a súa responsabilidade e supeditan ese interese superior do neno ao mantemento de conceptos que se soportan en crenzas populares sen base científica; pero sorprende aínda máis comprobar a reacción ignorante da Administración Educativa, que no canto de tomar o debate como unha oportunidade de mellorar un comportamento que pode estar equivocado, como parece indicar o camiño da discusión científica, tómao como un debate de poder, onde, máis sorprendentemente aínda, se considera que a autonomía dun centro educativo pode estar por riba do indiscutíbel dereito das familias a participar nas decisións sobre a educación dos seus propios fillos e fillas.

O que nós queremos de vostede é diálogo, que serva aos intereses dos nenos e nenas rompendo o criterio amplamente extendido de que todos os xemelgos son iguais, porque non o son, como non o é ninguén, e que se pode dar unha resposta única a unha circunstancia que é tan múltiple como os seus protagonistas; e que nos axude a abrir un debate educativo imprescindible, un debate no que deben estar todas as profesionais que poidan verse implicadas, e toda a comunidade educativa.

E que ese debate non se dea só nos colexios, senón que sexa a Administración educativa galega quen o xeneralice, porque o tratamento que se dea aos múltiples debe ser o mesmo en toda Galiza: realizar en cada caso o que mellor e máis positivo sexa para cada un dos nenos e nenas implicados.



Rúa de Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>  
Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 11.- Documentación que se acompaña

Achegamos a este escrito os seguintes documentos:

- Sentenza da Xulgado contencioso de Badaxoz.
- Escritos presentados para o caso concreto das nosas fillas, coas súas respostas nos casos nos que as houbo.

Este escrito fuxiu conscientemente durante toda a súa redacción de dar demasiadas explicacións científicas, porque consideramos que están amplamente indicadas noutras publicacións de fácil acceso; recomendamos a lectura, á parte do blog “MÚLTIPLES EN LA ESCUELA”, que contén abundante documentación e do documental “GOTAS DE AGUA”; do sumamente interesante traballo de fin de grao de Julia Laborra Fagoaga, quizais o primeiro que se realiza sobre esta materia, e que acompañamos especificamente; así como do informe do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, que tamén se acompaña.

Compostela, 23 de xuño de 2017

SRA VALEDORA DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA